

Alumnado a quen vai dirixido: todo o alumnado de 1º de bac

Total alumnas: 43

Total alumnos: 50

Total xeral: 93

Título:

Do Covelo a Lisboa: A pegada no patrimonio material e inmaterial da emigración lisboeta no concello do Covelo.

O proxecto resúmese en pescudar que impacto tivo a emigración da xente da Paradanta, en concreto da zona do Covelo, cara a cidade de Lisboa a finais do século XIX, tanto a nivel arquitectónico e patrimonial, como nos hábitos e estilos de vida.

Introdución:

O noso instituto sitúase na vila de Ponteareas e recibe alumnado da propia vila e alumnado dos concellos veciños onde non existe a posibilidade de cursar a etapa educativa pos-obrigatoria. Dentro desta área xeográfica recibimos alumnos e alumnas do Covelo ou de Mondariz, pero tamén algún da Cañiza ou de Salvaterra.

Apesar de que o centro educativo está situado nunha zona de alta densidade poblacional, estes lugares de onde provém o noso alumnado sofre un despoboamento progresivo que pón en risco a súa propia existencia tal e como o coñecemos.

Pero estes movementos migratorios que podemos observar hoxe en día xa tiveron un ciclo similar, salvando as distancias e as circunstancias que o ocasionaron, a finais do século XIX.

Por razóns que queremos que investiguen os nosos alumnos, moitos veciños e veciñas da zona da Paradanta emigraron a Lisboa para buscar melloras nas condicións de vida e moitos deles montaron

negocios exitosos na capital de Portugal. En consecuencia, esas persoas acabaron construíndo casas de influencia arquitectónica portuguesa que aínda se poden observar hoxe nalgunhas casas do concello do Covelo. Da mesma maneira trouxeron de volta estilos de vida, hábitos e costumes da capital portuguesa para esta zona.

Obxectivos:

O noso obxectivo principal é que a nosa comunidade educativa descubra por si mesma o patrimonio material e inmaterial que o rodea, que o poña en valor e que o manteña vivo.

Como consecuencia deste primeiro obxectivo, pretendemos que a xente máis moza coñeza o territorio de primeira man, camiñando e entrando en contacto directo con el.

Xa como profesores de diferentes materias, pretendemos que o alumnado sexa consciente de que o coñecemento está todo interconectado, de que as materias non son compartimentos estanco e que poden aproveitar os coñecementos adquiridos nunha para transladalos na reflexión ou no traballo doutra materia.

Como obxectivos finais propoñémonos presentar este traballo a toda a comunidade educativa, entendendo esta da maneira máis extensa posible, é dicir, contando coa veciñanza da Paradanta en xeral. E pretendemos visitar a cidade de Lisboa para presentar os resultados da nosa pescuda pero tamén aproveitar para mostrarlle ao alumnado no sitio como e onde están ou estiveron os negocios e as empresas que estes emigrantes levaron a Lisboa, sen algunha delas hoxe non se pode, practicamente, entender a identidade da propia cidade de Lisboa.

O obxectivo principal do proxecto é corrixir unha deficiencia de enfoque na materia de Historia do Mundo Contemporáneo e achegar o alumnado á realidade que teñen máis próxima: aplicando o coñecemento a un estudio de caso; desenvolvendo destrezas de investigación e manexo de información; e creando materiais orixinais

cos que difundir a información. Todo isto, claro está, mantendo a coherencia co establecido na programación.

Estes obxectivos perseguirémolos ao longo do primeiro trimestre, en coherencia co temario específico no que se desenvolven as Revolucións Industriais mais a conformación do Estado liberal. Estas son as dúas dinámicas globais nas que se vai enmarcar o noso caso de estudo: as migracións da poboación de Covelo cara a Lisboa.

O desenvolvemento do traballo levarase a cabo a través de tres grupos de traballo que terán que investigar e crear en tres niveis de análise diferenciados: nivel Estatal (España); nivel rexional (Galicia); e nivel local (Covelo, concretamente a parroquia de Santiago de Covelo). Estes tres niveis non só concretan gradualmente o análise, senón que tamén amosan as diferenzas e particularidades que se poden dar nos distintos planos do coñecemento histórico.

Como produto final desta investigación buscaremos elaborar unha serie de produtos de divulgación cultural (exposición física, produtos audiovisuais, publicacións na revista do centro...) cos que o alumnado poida transmitir o aprendido non só ao público xeral, senón especificamente aos seus compañeiros e compañeiras do mesmo curso que, por non formar parte da materia de Historia do Mundo Contemporáneo, non teñen acceso a estes coñecementos. Isto permitirá transmitir o aprendido ao conxunto de alumnado de Filosofía, transmitindo así a aprendizaxe ao grupo de traballo que continuará a ampliar os enfoques aplicados durante o segundo trimestre e, polo tanto, ofrecéndolles un marco contextual desde o que partirá a análise antropolóxica do fenómeno migratorio.

Organización:

Neste proxecto implicámonos 4 departamentos do noso instituto que traballaremos algúns aspectos individualmente para despois poder fiar todo o traballo.

Os departamentos son: o Departamento de Lingua e Literatura Galega, o de Filosofía, o de Xeografía e Historia e o Departamento de portugués. E repartiranse os traballos na sala de aulas da seguinte maneira:

O Departameto de Xeografía e Historia será o encargado de colocar o marco histórico deste movemento migratorio, encadralo nos propios movementos migratorios ligados ao desenvolvemento industrial do século XIX.

Este Departamento acompañará e supervisará todo o contexto histórico do proxecto.

A materia de Historia do Mundo Contemporáneo ten o propósito de contextualizar ao alumnado no mundo que os rodea. Non podemos obviar as relacións temporais existentes entre a contemporaneidade e a actualidade, do mesmo xeito que non podemos ignorar as continuidades que se dan desde os planos económico, político, social e cultural... Pero esta ambición que nos leva a tratar de comprender as grandes dinámicas históricas que dominan os procesos de transformación non debería esquecerse dos distintos niveis de análise que podemos aplicar a unha mesma realidade temporal e espacial.

Se aspiramos a construír unha aprendizaxe significativa na que o coñecemento teña utilidade e poida ser aplicado ao seu contexto, estancarnos no enfoque eurocéntrico —comprendendo este termo dun xeito restrinxido respecto ao conxunto europeo para centralo na cultura anglosaxona e centroeuropea, dominante no currículo da materia— podería parecer contraproducente. Da manifestación deste conflito nace a idea deste proxecto, pois é clave que o alumnado poida comprender que a dinámica xeral é o contexto no que acontecen os acontecementos históricos, pero que a partir de aí as realidades rexionais e locais son particulares no seu porvir.

Como consecuencia, desde o departamento de Xeografía e Historia facémonos responsables da problemática e por iso temos como obxectivo avanzar desde unha problemática xeral ata un caso de análise concreto no que o alumnado, ademais, poderá ver representada a súa realidade espacial e cultural, ocupando así un espazo propio na historia da humanidade que lles aporte relevancia.

O Departamento de Filosofía será o responsable da parte máis reflexiva no que respecta ao concepto de cultura, dun punto de vista antropolóxico, e como isto constrúe ou destrúe unha identidade. Así como a cultura dun lugar se transforma porque acaban determinadas labores agrícolas debido ao éxodo da poboación tamén se transforma a paisaxe e as formas de vida.

Este Departamento acompañará a parte máis antropolóxica e supervisará o uso dos conceptos máis adecuados á hora de falar de cultura.

O Departamento de Portugués está presente neste proxecto por dúas razóns: a primeira é que o noso centro ten a opción de cursar o bacharelato con lingua portuguesa como primeira lingua estranxeira, e isto posibilita que o alumnado lusodescendente ou o alumnado que pretende ter mellores relacións lingüísticas nesta zona da raia curse o bacharelato nesta lingua. E a segunda razón é que estamos a falar dun movemento migratorio cara Lisboa, capital de Portugal.

O Departamento de portugués será o responsable do acompañamento e asesoramento lingüístico permanente, xa que o proxecto será desenvolvido en portugués para o alumnado que cursa esta materia como Primeira Lingua Estranxeira no centro.

O Departamento de Lingua e Literatura Galega terá un papel de supervisión lingüística permanente, pois o traballo do alumnado que non curse portugués como primeira lingua estranxeira, fará o traballo en galego. E este Departamento fará un acompañamento extraordinario á hora de recoller a toponimos, o léxico específico do patrimonio material. as expresión populares que se refiren a este

fenómeno social da emigración a Lisboa, etc. Este traballo por parte do alumnado terá unha supervisión constante do Departamento.

A organización do traballo terá 3 fases principais:

. 1ª fase: documentación: será a parte na que o profesorado expón o proxecto ao grupo de alumnos e alumnas e fai medrar a motivación para que teñan interese nel. Será tamén a parte máis teórica onde o peso do Departamento de historia é maior para facilitar o contexto histórico e todos os coñecementos necesarios para comeza as pescuda.

. 2ª fase: traballo de campo: nesta parte do proxecto realizaremos as saídas necesarias para recoller o material sobre o que pretendemos traballar. Visitaremos as casas que conservan as pegadas arquitectónicas, os museos do Covelo, de Paraños e de Vilasobroso na procura de información e faremos as entrevistas necesarias. Nesta parte do proxecto o Departamento de filosofía gaña máis protagonismo porque aproveitará a ocasión para reflexionar sobre o que significa a cultura, como son os nosos comportamentos e como mudan en consecuencia dos cambios económicos.

. 3º fase: redacción: nesta fase final poremos en orde o material e as reflexións recollidas e daremoslle a forma que o grupo decida que será a mellor. Poderá tanto ser unha exposición, unha presentación pública dos resultados, unha montaxe de video ou todas ao mesmo tempo.

Nesta última fase o Departamento de portugués terá algo máis de protagonismo porque este proxecto será tamén unha tarefa que servirá para traballar as competencias lingüísticas en lingua estranxeira do alumnado. Coa finalidade de poder presentar tamén este traballo na cidade de Lisboa o coidado coa lingua deberá ser esquisito.

Nesta última fase a corrección linguística da parte do traballo feita en galego tamén dependerá do Departamento de Lingua e Literatura Galega, aínda que este Departamento terá un peso moi importante

de maneira transversal ao longo de todo o desenvolvemento do proxecto.

Avaliación:

Cada Departamento recollerá na súa programación o peso que lle dará á participación neste proxecto por parte do alumnado.

Como exemplo de como se traballará en cada Departamento expomos a proposta do Departamento de Xeografía e Historia:

A parte correspondente á materia de Historia do Mundo Contemporáneo avaliarase ao longo do primeiro trimestre, concretamente dentro do apartado de “Traballos” previsto na programación didáctica. Este apartado corresponde a un total do 20% da nota trimestral. Á hora de avaliar terase en conta tanto o proceso de traballo coma o resultado dos distintos produtos culturais elaborados. Todo isto quedará fixado nunha rúbrica de avaliación.

Porén o proxecto en si mesmo contará cun proceso de avaliación propio onde se medirá o grao de logro dos obxectivos pero tamén o grao de satisfacción do profesorado e do alumnado, así como tamén se recollerán as propostas de mellora, de ampliación, os puntos máis forte e os que se deben mellorar.

Establecemos unha escala de 1 a 5, sendo 1 o valor máis baixo e 5 o máis alto, para avaliar os seguintes aspectos:

1. A comunidade educativa coñeceu a orixe desta parte do patrimonio material da Paradanta
2. O alumnado entrou en contacto directo co territorio
3. Alcanzouse interdisciplinaridade entre as materias
4. Tivo un impacto fora da comunidade educativa este proxecto
5. O alumnado estivo motivado no proxecto
6. O profesorado mantivo o compromiso durante todo o ano lectivo
7. O centro educativo apoiou o desenvolvemento do proxecto

8. O alumando sientese satisfeito co traballo feito
9. O profesorado síntese satisfeito co traballo feito